

27 DE SETEMBRO: FOLGA MUNDIAL POLO CLIMA

Manifesto do alumnado do IES de Soutomaior

A comunidade educativa do IES de Soutomaior súmase ás mobilizacións estudiantís contra o cambio climático que se están a dar hoxe en todo o mundo e solidarízase con quen se pronuncia en favor da mellora das condicións de vida das xeracións futuras.

Unha onda de esperanza, en forma de mobilizacións estudiantís está a sacudir o mundo de arriba a abaixo.

Unha onda de esperanza protagonizada por unha nova xeración, A NOSA, que, contra todo prognóstico, está a saír das aulas para dicirlles aos nosos gobernantes: “Estásenos acabando o tempo e quedástesvos sen escusas”. Os e as estudantes estamos a facer folga e manifestámonos para esixir a declaración do Estado de Emerxencia Climática e unha campaña continuada para educar a sociedade sobre a gravidade do Cambio Climático en curso e sobre as medidas urxentes que é preciso emprender.

É una sacudida á conciencia das xeracións adultas, particularmente as que levan as rendas dos gobernos, pero tamén ao conxunto da sociedade que lles deu a responsabilidade de gobernar sen pedirles que tomen medidas decisivas para frear a crise climática e o resto das crises socio-ecolóxicas que ameazan o noso futuro.

Pertencemos a unha nova xeración que non quere sentirse impotente ao comprobar que a chamada Sociedade do Coñecemento se limita a mirar cara aos centros de ensino na procura de saberes instrumentais e útiles para seguir facendo negocios coma sempre, incrementando a competitividade, mentres dá as costas ao coñecemento científico que acumula evidencias de que a civilización e a vida se achegan rapidamente cara ao colapso, precisamente por seguir facendo os negocios coma sempre.

Desde o ámbito científico elabóranse propostas para avanzar cara a unha nova cultura económica orientada ao ben común, una nova cultura da auga, da enerxía, agroalimentaria, da mobilidade, da saúde, da ordenación do territorio e as cidades, da igualdade e dos dereitos.

Estase a traballar propoñendo novos modelos educativos e comunicativos que nos permitan comprender e actuar con máis responsabilidade ante os graves retos do futuro. Falamos destes temas nas aulas co noso profesorado e lideraremos nun futuro proxectos de investigación, pero dámonos conta de que non é dabondo: o mundo dos grandes negocios e o mundo da política lévannos directos ao colapso climático, alimentario, enerxético, de acceso á auga potable, poboacional e migratorio, á gran extinción de especies. Non paramos de acumular evidencias científicas e non sabemos xa como dicilo para que a voz do coñecemento chegue á sociedade e reaccione antes de que xa sexa demasiado tarde.

Lograrmos estes obxectivos require necesariamente de:

Verdade!

Compromiso!

Acción!

Solidariedade!

Democracia!

En defensa do futuro, dun planeta vivo e dun mundo xusto, dende a comunidade educativa do IES de Soutomaior sumámonos a esta loita polo clima, sumámonos á convocatoria internacional de Folga mundial polo clima, unha mobilización que é folga estudantil, folga de consumo, mobilizacións nos centros de traballo e nas rúas, peches en apoio da loita climática...

Non poden seguir roubándonos o futuro!

Non podeades seguir roubándonos o noso futuro!